

Matador de cangaceiros

Vicente Araguas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ARAGUAS, VICENTE (2011 [2010]). “Matador de cangaceiros”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 10 de outubro, 30. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/449>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ARAGUAS, VICENTE (2010). “Matador de cangaceiros”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 10 de outubro, 30.

* Edición dispoñíbel desde o 28 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

O ourensán Manuel Vilanova está considerado como un dos impulsores da transición na poesía galega desde os preceptos do realismo social a un tipo de composicións máis preocupadas pola estética e o intimismo.

Matador de cangaceiros



LIBROS

VICENTE ARAGUAS

Non sei se o cinema de Glauber Rocha terá chegado até hoxe co mesmo predicamento que adoitaba cando nós, Manolo Vilanova, Fernando Bores, eu mesmo, eramos tan novos que metía medo. Que daba xenio e había un “novo cinema brasileiro”, en paralelo con tanta novidade como daquela viña. Ou semellaba que viña.

Así e todo, aquel Antonio das Mortes, matador de cangaceiros (salteadores, contrabandistas e -aínda- estraperlistas), era elemento de moito respecto entre a tropa que famos á misa maior dos cine-clubes ou do “arte e ensaio”. Ao outro persoal, o das salas do común, tanto lle terían aquelas historias violentas dun Brasil fascinante, mais tan alleo ás garotas de Ipanema ou, lástima fora, a “Marisol rumbo a Río”, un supón.

Volta á pluma > Tantos anos despois, após dun percorrido ben chamativo polas poesías española e galega, retoma Manuel Vilanova a pluma de escribir na nosa lingua e ceiba un libro excesivo, co seu aquel de ruptura e aínda delirio, e con el fai seu (e noso) ese tremebundo Antonio das Mortes. Quen agora pasea na compañía dunha non menos chamativa “muller de verde” (na que algún xa teñen visto a Galicia, alá penas).

Nun libro titulado, non por casualidade, “Antonio das Mortes e a Muller de Verde” (Colección Esquíu, Ferrol, 2010). Marcha fina a colección dirixida por Julia Uceda e Fernando Bores con este libro de Vilanova. Primeiro, polo autor, tan contundente, que o asina, despois, pola forza expansiva do libro (ben voluminoso) que se nos entrega. E é que Vilanova, desde o mítico “E direivos eu do mister das cobras”, non coñece límites. O seu é un discurso exasperado (que non exasperante), longo, delongado, como unha vida chea de artificios e enguedellos.

Vilanova, coñecedor da métrica (tamén da súa música, que non

MANUEL VILANOVA

ANTONIO DAS MORTES E A MULLER DE VERDE



COLECCIÓN ESQUÍU DE POESÍA

Capa do libro que publica a ferrolá Esquíu

LIBRO

O seu é un discurso exasperado, longo, delongado, como unha vida chea de artificios

é o mesmo contar as sílabas coas mans, como as vellas, que facelo co metrónimo interior que os grandes poetas, eis Manuel Vilanova, posúen), non ten reparo en deconstruíla, botando man cando é mester (ou mister) da liberdade suprema de escribir desde o “collage”, o epitafio ou a referencia popular.

Quer dicir, estamos (seguimos estando) diante dun poeta todo-terreo, que abre a súa poesía como unha laranxa inmensa. Brava ou doce, que máis ten, o seu zume

“Antonio das Mortes e a Muller de Verde”
Manuel Vilanova
Colección Esquíu / 15 euros

purificador caendo a cachón no panorama ás veces previsible de máis das nosas poéticas. Vilanova, en fin, matador el tamén de cangaceiros.

Poisque o seu verso alcendido (e ás veces xustamente violento) arrasa cos salteadores, contrabandistas e estraperlistas da poesía. Abundantes como cogumelos após da chuva. E é que poucos terreos como o poético tan proclives á invasión de falsarios.

Por iso que subliñemos con pedra branca a aparición, reaparición neste caso, de poetas tan rotundos e voluminosos como Manuel Vilanova.

Autor dun libro, o que hoxe comento, que o lector eisixente faría moi ben en non perder. De Neda.